


Lámina aplicando o teorema de Tales

Para facer esta tarefa primeiro tes que ver os vídeos da semana 3-6 de novembro da aula virtual.

Unha vez teñas claro como realizar unha división dun segmento en partes iguais, crea un marco nunha lámina DIN A4, con marxes de 4 cm. con respecto ós bordes superior e inferior e de 3,5 cm. ó esquerdo e dereito.

Divide os límites do marco aplicando o teorema de Tales, cada un en 7 partes, como na imaxe de exemplo, onde se divide en 8, ata obter unha **retícula** ou conxunto de líneas que serve de base para realizarmos composicións.





(Fonte: Pinterest)

Despois realiza unha composición libre realizando **siluetas** (contorno e dintorno negros). A silueta debe xogar coa **forma e o fondo**, algo que estudaron os psicólogos da Gestalt no século pasado. Eles consideraron que ao todo era máis que a suma das súas partes e chegaron a unha serie principios polos que percibimos as imaxes dun xeito determinado.

Exemplo de xogo coa forma e o fondo

(Fonte: Pinterest)



Materials:

Lapis ou portaminas

Escuadro, regra, cartabón, compás

Estilógrafos

Rotulador de gran grosor

Entrega: 2 decembro/ 4 decembro